

ANUNCIO

CONVOCATORIA

Expte TEDEC: 2024/A008/000022- 2025/G003/000287

Programa: OBRADOIROS DE EMPREGO (EXPTE: 15/0020/2024)

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN 1 MESTRE/A PARA IMPARTIR AS ESPECIALIDADES DE ALBANERÍA E ACABADOS DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV”

Por medio do decreto da Alcaldía 15/05/2025 (TEDEC: 2024/A008/000022- 2025/G003/000287) aprobáronse as bases de selección de 1 mestre/a para impartir no obradoiro dual de emprego “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV” (Expte 15/0020/2024) as seguintes especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanería e acabados”:

-“Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)

-“Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)

Tamén se aprobou a **convocatoria para a selección de 1 mestre/a** deste obradoiro de emprego para impartir ata ao remate deste programa (15/09/2025) as anteditas especialidades formativas de nivel 1, que se fai **pública** mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).

Publicarase un anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP A Coruña), que determinará o inicio do prazo para a presentación das instancias coas solicitudes para participar no proceso de selección.

Concretamente, ábrese un proceso selectivo específico por concurso-oposición para o nomeamento/contratación da persoa que cubrirá a seguinte **praza**:

✓1 mestre/a para impartir as dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanería e acabados”, que son:

-“Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)

-“Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)

Este procedemento de selección rexerase fundamentalmente polo establecido nas anteditas bases de selección do persoal deste obradoiro dual de emprego e conforme o regulado na orde de convocatoria de subvencións da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia do do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024) e nas Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 15/07/2024 en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-25.

As devanditas bases da convocatoria conteñen todas aquelas cuestións ou aspectos substanciais dos procesos de selección, a teor do disposto nos apartados 7 e 8 das anteditas Instrucións do 15/07/2024, entre eles os seguintes: requisitos mínimos que deben cumprir as persoas interesadas, características dos contratos a subscribir coas persoas seleccionadas, a forma e lugar e prazo de presentación de documentación, o lugar e data de exposición das relacións provisionais e definitivas das persoas admitidas e excluídas, entre outras cuestións de interese para as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos.

As instancias que conteñen as solicitudes para participar no proceso selectivo deberá presentarse na forma e achegando a documentación indicada no apartado 3.3 das bases de selección, no prazo de **5 días hábiles** que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Abegondo, 15 de maio de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

